

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o nove de novembro de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:

10/746 MODIFICACIÓN DO PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN ESTABLECIDO NAS BASES E CONVOCATORIA DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL 2016, DENOMINADO “(con)trato feito!”.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Técnico de Xestión de Desenvolvemento Local, do 2 de novembro de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“A Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións conferidas polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local acordou (**ACORDO 13/587**) na súa sesión ordinaria do día 7 de setembro de 2016, aprobar as bases de CONVOCATORIA DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL 2016 denominado “(con)trato feito!”.

A base número nove da referida convocatoria, establece literalmente o seguinte:


“As solicitudes de subvención resolveranse unha vez recibidas todas as solicitudes no prazo establecido, e serán resoltas no prazo máximo dun mes, dende a data de peche de recepción de solicitudes.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos seis meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes entenderanse denegadas, sen prexuízo da obriga expresa de resolver que o artigo 42.1 da Lei 30/1992 lle atribúe á Administración.”

Aínda que o breve prazo de resolución anterior (*dun mes, dende a data de peche de recepción de solicitudes*), estipulouse de cara a axilizar ao máximo o procedemento, o número de solicitudes presentadas (152 solicitudes) por parte dos posibles beneficiarios (asociacións sen ánimo de lucro e empresas) a través dos rexistros públicos das diferentes administracións públicas foi moi elevado, o que a súa ardua e complexa tramitación administrativa actualmente vai demorar o cumprimento dos prazos inicialmente establecidos na convocatoria, xunto coa escaseza de medios persoais do departamento instrutor (Desenvolvemento Local), e polo anterior que considerase necesario adecuar o prazo de resolución ao establecido na normativa de aplicación, dada a imposibilidade de resolver no prazo inicialmente previsto nas bases da convocatoria.

O artigo 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece:

“2. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x460100746

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-11-2016

Este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.”

O artigo 25.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece:

4. *O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.”*

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** adecuar o prazo de resolución establecido na base nº 9 da convocatoria do PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (con)trato feito! ao establecido nos artigos 21.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 25.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e establecéndose neste sentido como prazo límite para resolver ata o 31 de decembro de 2016.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e o do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.